

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO
ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE FERROL

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

1. INTRODUCCIÓN

- 1.1. Marco e método de elaboración do PEC.
- 1.2. Historia do centro.

2. CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

- 2.1. Situación socioeconómica e cultural da comarca.
 - 2.1.1. Situación e área de cobertura da escola.
 - 2.1.2. Ferrol e o mar.
 - 2.1.3. Actividades económicas.
 - 2.1.4. O estado da cuestión na actualidade.
 - 2.1.5. Cultura.
- 2.2. Descrición física do centro e dotación de medios.
 - 2.2.1. Descrición física e dotación material.
 - 2.2.2. Recursos humanos.
- 2.3. Estudos ofertados: oficial, libre, *That's English*, IES...
- 2.4. Características do alumnado.
- 2.5. Características do profesorado.
- 2.6. Persoal non docente.

3. NOTAS DE IDENTIDADE

- 3.1. Introducción.
- 3.2. Contactos con outras institucións e asociacións.

4. OBXECTIVOS DO CENTRO

- 4.1. Plan de Normalización.
 - 4.1.1. Obxectivos xerais.
 - 4.1.2. Obxectivos específicos para o curso 2006-2007.
 - 4.1.3. Procedementos
 - 4.1.4. Conclusión
- 4.2. Atención das reclamacións.

ANEXOS

ANEXO 1: Enquisa realizada aos alumnos

ANEXO 2: Órganos de goberno

ANEXO 3: Lexislación relativa a normalización lingüística

INTRODUCCIÓN

1.1. Marco e método de elaboración do PEC

A carencia do Proxecto Educativo de Centro aparece detectada no proxecto de Dirección para este curso 2004-2005, no cal estaba incluída a idea de formar un grupo de traballo para realizar con detención este documento tan importante. Ademais é un documento legal obrigatorio en cada centro educativo, segundo o Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación de secundaria.

Así, a comezos do curso (setembro 2004), lanzouse a idea para que se implicase o Claustro. Desta forma xurdiu este grupo composto por sete membros. Dada a relevancia do documento e o pensar de que toda a comunidade educativa debería estar implicada, pretendeuse que éste fora unha elaboración aberta á participación. Para este fin, realizáronse enquisas entre o profesorado, alumnado, persoal non docente, Consello Escolar e persoas directamente vinculadas o centro.

De seguido, o grupo de traballo foi sacando, en postas en común, conclusións das achegas da comunidade educativa e das persoas/institucións vinculadas o centro, xerando finalmente unha mostra dun posible PEC.

Este PEC-mostra posteriormente foi debatido e avaliado no Claustro e no Consello Escolar.

1.2. Historia do centro

A Escola Oficial de Idiomas de Ferrol estivo e está situada en pleno centro da cidade, ocupando dúas das principais rúas da cidade: por un lado, a rúa Magdalena (o barrio da Magdalena está declarado como barrio de interese histórico-artístico) e por outro, a rúa Real, que é peonil.

No ano 1989, comezou a súa andaina con tres idiomas: francés, galego e inglés. Daquela contaba cun Claustro de oito profesores (tres de francés, un de galego e catro de inglés). Había un total de 846 alumnos/as (225 de francés, 125 de galego e 496 de inglés).

Posteriormente, no ano 1994, abriuse a matrícula para a lingua alemá e, no curso 2003 –2004, a oferta educativa de idiomas veuse incrementada coa lingua italiana.

No curso 1999-2000, dado o calamitoso estado do edificio e a declaración como edificio en estado ruinoso, produciuse un traslado provisional da EOI.

O traslado foi ao barrio de Caranza onde se compartiu edificio co CEIP Manuel Masdías e co centro Santa María de Caranza, onde estaban situados o INGABAD e a EPA.

O cambio de situación tivo consecuencias negativas para o centro, tales como unha considerable perda de alumnado, unha asistencia moi irregular deste que xunto ás carencias de recursos no centro dificultaron moito o labor educativo.

Pero por fin, no curso 2003-2004, vólvese ao centro da cidade, á situación orixinaria, e estreamos un novo edificio coas consecuencias positivas de recuperación de alumnado, estabilidade nas aulas e unha moi boa dotación de recursos materiais.

No curso actual (2004-2005), o Claustro consta de 28 profesores/as (15 de inglés, cinco de alemán, catro de francés, dous de galego e dous de italiano); polo que respecta ao persoal non docente, hai dúas administrativas, catro conserxes e dous membros de persoal de limpeza..

O alumnado da escola ascende a cifra de 2.453, dos que 2.078 son de ensino oficial presencial na EOI, 141 de ensino libre, 50 de ensino a distancia "That´s English" e 198 de centros adscritos ao Plan experimental de potenciación de linguas estranxeiras.

2. CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

2.1. Situación socioeconómica e cultural da comarca

2.1.1. Situación e área de cobertura da escola

Once son os concellos que conforman a comarca de Ferrol: Ares, Cedeira, Fene, Ferrol, Moeche, Mugardos, Narón, Neda, San Sadurniño, Somozas e Valdoviño.

A toda esta comarca, e como único centro público de ensino de linguas estranxeiras para adultos, lle dá servizo e cobertura a EOI de Ferrol.

Esta atópase no lugar do antigo edificio de Mestría Industrial, refeito agora por enteiro e inaugurado durante o anterior ano académico 2003-2004. Por problemas na antiga estrutura foi necesario cambiar a localización das aulas do centro Ferrol á zona de Caranza. A escola carecía de sede propia, tivo que compartir o edificio con EPA e IES que nos acolleron temporalmente e cunha perda puntual de : 500 alumnos/as.

Recuperáranse co retorno á antiga situación -centro urbano, comercial e funcional para o alumnado- copisterías, librerías, axencias de viaxes, bancos, comercios e supermercados, paradas de taxis, estacións, liñas urbanas, biblioteca municipal e da universidade, Campus, UNED, IES, centros privados de estudos, edificios administrativos da Xunta, as sedes dos sindicatos ...

2.1.2. Ferrol e o mar

A principal característica da nosa cidade é a beleza que o enclave marítimo lle outorga, e é ademais determinante para a súa historia marcada por feitos militares e navais. Diso dan conta a Porta Nova, os escasos restos da muralla defensiva de fronte á Malata, e os castelos -Castelo da Palma e Castelo de San Felipe- a piques de seren declarados Patrimonio da Humanidade e que prestan agora o seu encanto ás escenificacións que o Concello comeza a realizar de feitos históricos puntuais (a Batalla de Brión). Outro vestixio histórico é a muralla do estaleiro e o arsenal que impide ver o mar.

É unha zona de grande importancia medioambiental (falamos xa do mar mais non dunha fauna moi rica e peculiar): Ferrol é o único enclave europeo para o anión dalgunhas especies de aves migratorias procedentes de África; presenta non só as praias, tamén unha lagoa de auga doce con londra, ou unhas peculiares correntes marítimas que renovan a auga de absolutamente toda a ría e fan que haxa especies - coma a ameixa- que desenvolven na zona características únicas en canto a calidade.

2.1.3. Actividades económicas

Non é de estrañar que as principais actividades económicas estivesen, e aínda estean, ligadas ao mar. Os estaleiros foron a principal fonte económica da cidade e proporcionaronlle á mesma unha precoz expansión industrial, económica e urbanística con respecto ao resto do Estado.

No seu momento, a parte militar de toda esta industria e o crecemento demográfico debido á alta natalidade e a inmigración contribuíron a un desenvolvemento do comercio que deixou unha forte pegada ata os nosos días, facendo florecer diversas industrias como a téxtil, a fabricación de xabón, de lápices, a edificación das grandes barriadas periféricas... Viuse así mesmo favorecido o desenvolvemento das artes e oficios artísticos

O porto continua ligado (aínda que en menor medida) a sectores como as madeireiras ou o metal (descartes e desmantelamento).

O entorno facía posible vivir da pesca e agricultura a nivel familiar. Proliferaban daquela mercados e feiróns onde a poboación dos arredores encontraba saída a uns produtos locais nada elaborados mais de alta calidade.

2.1.4. O estado da cuestión na actualidade

Actualmente o desmantelamento do mundo militar e a reconversión de sectores (dúas reconversións navais nun período de vinte anos) fan observar unha serie de consecuencias derivadas do importante declive económico: o menor peso da industria ante o comercio, un dos índices de paro máis altos do Estado, un gran descenso da natalidade, a emigración da xente nova na procura de traballo ou ampliación de estudos, envellecemento progresivo da poboación, hábitos de consumo excesivo, subida de alugueres, asistencia social pouco activa e descoido nos edificios e na habitabilidade dalgúns barrios (Porto Canido) Fronte a iso ábrese, nos últimos tempos, un plan de potenciación moi diversificado por parte do Concello:

- Parques empresariais como o da Gándara, o das Lagoas, ou do Río do Pozo que se resultan efectivos, aínda que prexudiciais para o pequeno-mediano comerciante que abunda na zona .Estes dan paso a iniciativas de viveiros de empresas que non teñen moito éxito
- A planta de gas ou o Complexo de Reciclaxe son outras das empresas que, por razóns de saúde ambiental, non acaban de callar na aceptación popular.
- Dase unha mellora das comunicacións que vai favorecer a probable futura explotación turística da zona. Iniciativas de potenciación turística que se enfrontan polo de agora á falla de tradición, xa que a pesar do enclave e a chegada de vereaneantes ás costas da vila, é éste ata agora un turismo particular, definido pola porcentaxe de ferroláns que viven e traballan fóra todo o ano e que se divirten en familia principalmente, sen deixar moitos beneficios. As primeiras iniciativas dirixense a cotas moi restrinxidas de público (o tan discutido campo de golf). Diversificar e organizar a oferta cultural da cidade e orientarse cara a cotas amplas, máis respectuosas co medio, intúese xa como un dos grandes retos para a recuperación da economía cidadá do que fan eco a presenza da Escola de Turismo e de asociacións para a formación en animación sociocultural
- Intento de diversificación e ampliación da oferta educativa universitaria na comarca: ata os últimos anos, Enxeñería Naval e Enxeñería Técnica e Deseño Industrial e Enfermería eran as únicas titulacións.
- A implantación dun centro de formación único en Europa coma é o CIS fai que o desenvolvemento das artes gráficas na area deseño (fotografía dixital, publicidade), aplicacións industriais, investigación tecnolóxica ou animación (cine e banda deseñada) teña pasado tamén ao social experimentándose polo de agora un peculiar auxe das empresas ferrolás pertencentes ao sector e que atopan na competitividade dos prezos o seu punto forte para unha proxección nacional máis que importante.

2.1.5. Cultura

O cidadán pode gozar das seguintes actividades culturais e deportivas:

Ardora: as noites do Concello. Plans de potenciación de actividades.

Bibliotecas: a Casa do Patín.

Literatura: premios "Torrente Ballester", "Esquí" de poesía e "Curuxa" de humor (Fene).

Mostras: museo Bello Piñeiro (pintura)/ Fundación Caixa Galicia/ Museo do Humor (Fene)/

Xornais: Ferrol Diario, inmobiliarias

Cine: Desaparición dalgúns cines ferroláns no centro da cidade e apertura de salas en grandes superficies de Narón.

Radio: (radio na universidade/ Proxecto por unha radio libre: Radio Filispim)

Televisión local (dúas canles)

Tradición musical: festas tradicionais (Pepitas, romarías da zona) O Conservatorio. O certame Constantino Bellón e outras iniciativas do Ateneo Ferrolán. Festivais.

Tradición teatral de Ferrol: grupos de teatro na cidade. O Concello de Narón: escola de teatro e grande oferta de actuacións. A Escola de Circo e outras iniciativas autoxestionadas. Rehabilitación do Jofre.

Natureza: Sociedade Galega de Historia Natural, Clube de Montaña.

Aquaciencia: exposición permanente no Parque Raíña Sofía.

Deportes: *Pantin Classic* (surf), praias, baloncesto (OAR), piragüismo.

2.2. Descrición física do centro e dotación de medios

2.2.1. Descrición física e dotación material

En canto os espazos físicos e a dotación material, o centro conta con:

- 17 aulas dotadas de televisión , vídeo, DVD, e reprodutor de casete, con sistema de audio no falso teito para unha mellor audición.
- Un laboratorio de idiomas.
- Un laboratorio multimedia.
- Unha aula audiovisual.
- Unha biblioteca dotada de cinco ordenadores, catro para uso do alumnado, así como catro combis de televisión e vídeo, catro reprodutores de cassetes e CDs.
- Cinco seminarios dotados de televisión, vídeo, DVD, cadea musical, proxector e ordenador.
- Unha sala de profesores dotada de televisión, vídeo, DVD, cadea musical e dous ordenadores.
- Un salón de actos con 125 prazas, dúas cabinas de tradución e canón de vídeo.
- Unha conserxería.
- Unha reprografía con fotocopiadora, multicopista e ordenador.
- Tres despachos de dirección dotados con catro ordenadores e unha pequena fotocopiadora.
- Unha oficina de administración dotada de 2 ordenadores e fotocopiadora.
- Baños para homes e mulleres en cada planta. Baños para discapacitados na planta baixa.
- Unha cafetería con terraza no patio interior da escola.

- Ascensor de uso restrinxido (mobilidade reducida).
- Dependencias no soto onde está a caldeira da calefacción, o centro de transformación e dous espazos que serven de almacén.
- A disposición do profesorado hai gravadoras, cámara dixital, cámara de vídeo e un vídeo portátil con canón de vídeo.

2.2.2. Recursos humanos

O Claustro de profesores desta escola consta de 28 membros, dos cales 15 son profesores de inglés, catro de francés, cinco de alemán, dous de galego e dous de italiano. A media de idade oscila entre os 35 e 40 anos.

O profesorado consta de 15 membros con destino definitivo neste centro, cinco en fase de prácticas, dous de secundaria en expectativa de destino e seis interinos.

Cóntase neste curso tamén con dúas lectoras, de francés e inglés. Dispoñer de este recurso humano é moi positivo para escola, xa que para o alumnado é moi gratificante estar en contacto directo con falantes nativos.

Con respecto ao persoal non docente, o centro conta con dúas administrativas, catro conserxes e dous membros do persoal de limpeza.

2.3. Estudos ofertados: oficial, libre, *That 's English*, IES...

As modalidades de estudo son:

- Oficial presencial: os niveis educativos que se imparten son o ciclo elemental e o ciclo superior de cada idioma, excepto italiano, lingua de recente creación da que se imparte primeiro e segundo curso.
- Oficial de IES adscritos a escola (o chamado Plan Experimental)
- A distancia (*That 's English*)
- Ensino libre
- Clases complementarias dos distintos idiomas, onde o alumnado da escola poderá reforzar as distintas destrezas (comprensión e expresión oral e comprensión e expresión escrita).

2.4. Características do alumnado

Co fin de obter datos sobre o alumnado da EOI de Ferrol, fíxose unha enquisa que revelou información de interese sobre as súas características. A meirande parte dos alumnos enquisados, elixidos de entre as cinco linguas impartidas na escola, son mulleres, de idades comprendidas entre os 20 e os 30 anos. Os que teñen entre 31 e 50 tamén son bastante numerosos, e os de menos de 20 son máis escasos.

Predominan os nados en Ferrol ou arredores e os residentes nesta mesma cidade ou en localidades próximas, como Narón, Fene, Pontedeume ou Neda.

O feito de que a EOI estea tan ben situada, no centro de Ferrol, fai que a meirande parte dos alumnos se despracen a pé (de feito é unha minoría a que se amosa descontenta coa súa localización na rúa Real e cos seus accesos)., aínda que o coche sexa un medio de transporte moi utilizado, e é unha porcentaxe moi pequena a que prefere o autobús.

Polo que respecta à actividade desenvolvida polo alumnado, destaca a gran cantidade de estudantes, así como de persoas que levan a cabo unha actividade profesional. Non obstante, tamén existe un elevado índice de persoas en situación de desemprego, aos que hai que engadir unha minoría de amas de casa, xubilados ou persoas afectadas de incapacidade profesional.

O nivel cultural é, en xeral, medio-alto. Predominan os que realizaron estudos de ensinanza secundaria ou superiores.

Das cinco linguas impartidas na escola, a que concentra unha porcentaxe máis grande de alumnos é inglés, seguida, en orde decrecente, de francés, alemán, italiano e galego. A quenda da tarde é a máis solicitada polo alumnado e, polo tanto, a que esixe un esforzo máis importante na organización do profesorado e das aulas.

Cabe destacar o feito de que case todos os alumnos enquisados posuían coñecementos previos da lingua estudada. Este dato non sorprende, xa que o galego é a nosa lingua materna, xunto co castelán; e o inglés, por exemplo, é a lingua estranxeira por excelencia nos estudos obrigatorios, seguida do francés ou incluso do alemán. Ao contrario do que ocorre no resto dos idiomas, en italiano, a meirande parte adquiriu os coñecementos na EOI

Dos principais obxectivos que perseguen os matriculados na EOI, o máis recorrente é o de mellorar as perspectivas laborais (non hai que esquecer que a súa idade oscila entre os 20 e os 30 anos), seguido do de viaxar e de obter créditos para a Universidade. Outra finalidade, no caso do inglés, é a de navegar por Internet ou a de manter contacto con amigos. Un pequeno grupo declarou facelo por interese persoal, por pracer, por traballo, por axudar aos seus fillos ou por ver películas en versión orixinal.

No apartado referido ás expectativas nas 4 destrezas (expresión escrita, comprensión escrita, expresión oral, comprensión oral), os alumnos de 1º e 2º esperan acadar un nivel medio no Ciclo Elemental e un nivel alto no Ciclo Superior. Nas destrezas escritas nótase unha expectativa máis elevada. Con todo, hai que sinalar que se fixo esta mesma pregunta aos alumnos de 5º e chama a atención que a súa expectativa, ao remate do curso, sitúase no nivel medio, cunha pequena superioridade nas destrezas escritas.

Respecto aos recursos da escola, a meirande parte cree que está ben dotada., así e todo o número de alumnos que non utilizan a biblioteca supera aos que si o fan. Os usuarios da biblioteca utilizan, sobre todo, o servizo de préstamo, aínda que tamén se serven dela como sala de lectura, de estudo, de consultas en Internet, así como o uso de reprodutores de audio e vídeo para practicar a comprensión oral.

Nas actividades extraescolares que se celebran na EOI, o número de alumnos que si participan superan aos que non o fan, aínda que esta participación sexa esporádica.


No apartado de suxestións, é importante destacar aquelas referidas á ampliación e flexibilidade dos horarios, tanto das clases como da biblioteca; a adquisición de material audiovisual para a biblioteca, a incorporación de novas linguas de estudo, conseguir descontos no aparcadoiro ou facelo gratuito para os traballadores da escola. facilitar o aparcamento no parking (gratuidade ou descontos).

2.5. Características do profesorado


Os distintos departamentos agrupan 28 profesores. Os departamentos de galego e italiano dipoñen de dous cada un, catro pertencen a francés, cinco a alemán e 15 a inglés. Todos os docentes están impartindo a súa especialidade.

Despois de elaborar e valorar unha enquisa aos membros do Claustro, preséntanse os seguintes resultados porcentuais. Estes datos, amosados nas seguintes gráficas, reflicten as características máis salientables do equipo docente.


Departamentos:




Idade:




Sexo:




Lugar de residencia:




Procedencia:




Destino:




Titulación:




Idiomas a nivel avanzado (falado e escrito):




Anos de experiencia docente:




Experiencia docente no estranxeiro:




Cursos de formación no estranxeiro:




Cursos de formación como docente:



Uso do laboratorio:



Nivel de satisfacción no traballo:



Suxestións do profesorado para a mellora do centro:

Neste respecto e tendo como obxectivo unha escola activa e dinámica, cabe destacar as seguintes :

1. Ampliación da oferta educativa existente :

- a) Incorporación de novas linguas: español para estranxeiros e portugués.
- b) Cursos monográficos: español para estranxeiros, cursos de mantemento despois de acadar o ciclo superior e cursos de linguas para fins específicos: empresarial, naval, medicina e turismo.
- c) Flexibilidade na inscrición nos cursos tendo en conta o nivel do alumno.

d) Ampliar a oferta educativa existente tendo en conta os horarios e idiomas máis demandados.

e) Clases prácticas co alumnado na biblioteca.

2. Aproveitamento dos recursos do centro:

a) Uso das cabinas de tradución.

b) Cursos destinados a profesorado para optimizar o uso do laboratorio de idiomas e canón de vídeo.

c) Solicitude de bibliotecari@ e ampliación da oferta da biblioteca.

3. Mellora do centro no seu conxunto :

a) Redistribución dos espazos adicados aos distintos departamentos.

b) Melloras nas comunicacións entre as distintas partes da escola, o cal melloraría as condicións de traballo do persoal non docente.

c) Creación dun aparcamento para o persoal do centro.

2.6. Persoal non docente

O persoal non docente do centro está formado por 8 membros, 6 mulleres e 2 homes, de idades comprendidas entre os 30 e os 50 anos e cun nivel de estudos que varía dende o graduado escolar e o BUP ata diferentes especialidades de formación profesional e universitarias. Este equipo consta dunha xefa de Secretaría e unha auxiliar de Secretaría con posto definitivo, catro conserxes, dúas mulleres e dous homes, dos cales dous son definitivos e dous interinos, e dous membros do persoal de limpeza, unha definitiva e unha interina.

3. NOTAS DE IDENTIDADE

3.1. Introducción

As notas de identidade do noso centro son, ante todo, as de unha escola activa (actividades extraescolares), aberta (colaboración e contacto con outras institucións) e en continua formación do profesorado.

- o Formación do profesorado no propio centro: este é un apartado fundamental para mellorar a calidade educativa. O noso centro ten unha clara traxectoria neste senso, xa que nos últimos tres anos se levaron a cabo varios cursos de formación, como foron “Introdución ao manexo de ordenadores e Internet”, “Elaboración de material didáctico” e por último “A aplicación das TICs ao ensino de linguas estranxeiras”. No curso actual, contamos con dous grupos de traballo (“Elaboración do PEC” e “O plan de autoprotección e evacuación”) e un programa de intercambio internacional.
- o Actividades extraescolares: xa temos implantadas, dende os últimos anos, actividades como concursos gastronómicos, tarxetas de nadal, poemas ou cartas de amor de San Valentín, xornadas culturais, obras de teatro, actuacións e rastros. Ademais, o centro produce as súas propias publicacións: a revista “Diálogo” e a específica do departamento de galego: “Alecrin”. Tamén se organizan viaxes aos diferentes países da fala a estudar. En suma, todo un marco plurilingüe e multicultural que caracteriza unha escola activa como pretende ser a EOI de Ferrol.
- o Avaliación: realizar unha avaliación da función directiva por parte do persoal docente e non docente ao final de cada curso. Isto permitiranos mellorar no futuro, e servir de base a outros equipos entrantes. Tamén elaboraremos unha enquisa de avaliación do centro educativo ao alumnado, que nos permitirá mellorar, sen dúbida, moitos aspectos da vida escolar.
- o Biblioteca como aula de autoaprendizaxe: o profesorado implicado neste apartado, tan importante para o ensino de linguas, en colaboración coa encargada de biblioteca acude 1 ou 2 días determinados á biblioteca cos seus grupos onde realizan actividades encauzadas cara á autoaprendizaxe para así fomentar a autonomía do alumnado. A biblioteca está dotada, para esta actividade, de ordenadores, combis de televisor e vídeo, radio-casetes con lectores de CDs e os seus correspondentes auriculares, á parte, naturalmente, de material en todas as linguas impartidas.
- o Páxina web: www.eoiferrol.org . Esta páxina pretende facilitar o acceso máis fluído a todo tipo de información sobre o centro.

3.2. Contactos con outras institucións e asociacións.

A EOI de Ferrol ten a vontade de ser unha institución aberta á colaboración e cooperación con outras entidades pertencentes ao contexto sociocultural da nosa cidade. Mostra disto son as iniciativas e contactos iniciados e dos que, a continuación, damos brevemente conta.

CAMPUS DE FERROL: Biblioteconomía.

A idea de cooperación xorde na escola pola demanda manifesta por parte do alumnado de manter máis tempo aberta e atendida a biblioteca. A escola, nunha iniciativa pioneira en Galiza, solicita á universidade que os alumnos de biblioteconomía (especialidade impartida no Campus de Ferrol) realicen as súas prácticas dentro da escola. Actualmente hai xa alumnos que están realizando prácticas na biblioteca da

escola. Así mesmo o convenio espera para ser firmado en breve co fin de recoñecer a creditaxe das prácticas con carácter retroactivo.

INSTITUTOS DA COMARCA:

Ao Plan experimental de potenciación de linguas estranxeiras (inglés e francés) acóllense varios institutos da comarca. Actualmente:

- ❑ IES Fernando Esquíu de Neda (primeiro ciclo de ambas linguas)
- ❑ IES As Telleiras de Narón (primeiro ciclo de inglés e 2º e 3º de francés)
- ❑ IES Punta Candieira de Cedeira (primeiros ciclos de inglés e francés)
- ❑ IES Moncho Valcarcel das Pontes (primeiro ciclo de inglés)
- ❑ IES Castro da Uz das Pontes (primeiro ciclo de inglés e 1º e 3º de francés)
- ❑ IES Ortigueira (1º e 2º de inglés)
- ❑ IES SAN PEDRO DE LEIXA

No curso 2004-2005, comeza a colaboración no deseño e maquetación de Diálogo, a revista da Escola.

CEFORE

Os centros de formación e recursos teñen o obxectivo de formar permanentemente ao profesorado de ensino non universitario, favorecer o intercambio de experiencias e reflexións sobre os procesos educativos así como dinamizar a pedagogía dos centros. No caso de Ferrol hai ademais dúas subseccións (Ortigueira e Pontedeume).

APEOIGA

É a Asociación de Profesores de Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia.

Referimos aquí o artigo 2 dos estatutos onde se fixan como fins principais da Asociación de Profesores de Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia:

1. Fomentar o ensino das linguas impartidas en todas as escolas oficiais de idiomas e o coñecemento das culturas dos respectivos países.
2. Promover entre os seus membros o intercambio de información científica, pedagóxica e metodolóxica dirixida aos obxectivos sinalados en 2.1.
3. Contribuír á celebración de seminarios e conferencias, así como á publicación de traballos referidos á investigación e ao ensino no eido das linguas e das culturas destes países.
4. Fomentar a colaboración cos organismos das Administracións estatal, autonómica e provincial encargados da investigación, da educación e da cultura, cos institutos de ciencias da educación, os centros de educación de profesores e centros universitarios relacionados coa formación do persoal docente.
5. Fomentar o intercambio de información sobre temas de interese profesional, laboral e administrativo entre os seus membros.
6. Promover a formación e renovación pedagóxica do profesorado das escolas oficiais de idiomas.
7. Facilitar o intercambio de profesores e alumnos das escolas oficiais de idiomas de Galicia con entidades afíns noutros países.

8. Fomentar a colaboración coas asociacións de dentro e fóra de España que persigan fins similares aos da Asociación de Profesores de Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia.

A Asociación serve tamén de canle de expresión ás demandas das EOI galegas.

Debemos destacar as Xornadas de Formación de Profesorado que cada ano se celebran na apertura do curso. Estas xornadas son de libre asistencia e ao remate a asociación acostuma a realizar unha asemblea onde os novos traballadores poden tomar contacto coa asociación e con outros compañeiros.

GOETHE

A EOI de Ferrol é ademáis sede oficial da Asociación cultural Goethe. Son obxectivos desta asociación segundo os propios estatutos:

1. Organizar actividades culturais diversas, divulgándose entre o público en xeral. Para levar a cabo estes fins, poderán organizarse conferencias, sesións de traballo, cursos divulgativos, proxeccións, concursos e actos similares, someténdose en cada caso ao que dispoña a lexislación vixente.

2. Tamén son fins de esta asociación a colaboración co Departamento de Alemán da EOI, para fomentar o estudo da lingua alemá a todos os niveis, en especial para os alumnos que finalizaron o segundo ciclo, e para aqueles que carentes da titulación necesaria para accederen á EOI desexen adquirir coñecementos básicos desta lingua. Así mesmo a promoción e organización de foros de diálogo, intercambios, e todas as actividades que teñan por obxecto a aprendizaxe, perfeccionamento e achegamento á lingua e a cultura alemás.

4. OBXECTIVOS DO CENTRO

- o Fomentar a autonomía do alumnado desenvolvendo estratexias que favorezan o seu protagonismo no proceso de aprendizaxe.
- o Poñer a disposición do alumnado con dificultades de tipo cultural, físico ou psíquico os medios e adaptacións necesarios para a súa integración.
- o Potenciar o uso das TIC (Tecnoloxías Innovadoras nos Centros) dentro e fóra da aula entre o alumnado e o profesorado, e aproveitar os recursos que ofrece Internet para a autoaprendizaxe.
- o Favorecer o intercambio de técnicas, ideas e metodoloxía sobre as novas tecnoloxías entre o profesorado.
- o Facer chegar á comunidade educativa toda a información debidamente clasificada.
- o Facilitar a información sobre as vías de reclamación, suxestións, etc. a toda a comunidade educativa.
- o Favorecer a implicación do alumnado nas actividades extraescolares, por parte do profesorado.
- o Fomentar a participación do profesorado en actividades de formación permanente.
- o Promover a pluralidade lingüística e cultural mediante viaxes, proxectos de conflitos entre os membros da comunidade educativa e facilitar a súa resolución a través de procedementos autocríticos e democráticos.
- o Fomentar a prevención de conflitos entre os membros da comunidade educativa e facilitar a súa resolución a través de procedementos autocríticos e democráticos.
- o Optimizar o uso das instalacións e recursos materiais do centro, así como promover a reciclaxe de materiais diversos evitando o seu uso indiscriminado.

4.1. Plan de normalización

O Equipo de Normalización Lingüística (ENL) da Escola de Idiomas de Ferrol comeza unha nova andaina no curso 2006-07. Renovada a súa composición, o ENL presenta neste proxecto medidas de actuación positiva dirixidas á promoción da lingua galega, pois tal é o seu labor principal, como se deduce da actual normativa (Decretos 247/1995 do 14 de setembro e 324/1996 do 26 de xullo).

Na nova etapa cómpre tomar certas medidas relacionadas coa administración do ENL. Dada a necesidade de organizar os medios dos que dispón o equipo, coidamos que a dedicación que require a súa posta en marcha pode reducir neste primeiro ano as actividades de promoción da lingua. Con todo, o traballo administrativo deste curso permitirá que o equipo se centre nas actividades culturais nos seguintes anos.

O Equipo reunirse polo menos tres veces ó longo do curso escolar: a principios, mediados e final de curso. O obxecto de tales reunións será a organización, valoración e avaliación das actividades levadas a cabo polo equipo. No presente proxecto expóñense os obxectivos do equipo e os procedementos para acadalos.

Por último, esperamos poder traballar conxuntamente co Departamento de Galego, xa que é un apoio moi valioso e enriquecedor para o ENL.

4.1.1. Obxectivos xerais

- ❖ Potenciar o uso da lingua galega na EOI de Ferrol no sistema administrativo e como lingua de relación habitual no centro.

- ❖ Facilitar a mellora da competencia lingüística da lingua galega entre os membros da comunidade educativa.
- ❖ Facilitar as ferramentas para un uso normativo da lingua galega en todos os comunicados e documentos oficiais da Escola.
- ❖ Contribuír á difusión da cultura galega na Escola e implicar á comunidade escolar no proceso.

4.1.2. Obxectivos específicos para o curso 2006- 2007

- ❖ Acondicionar espazos para uso propio do ENL: no sitio web da Escola, e no mesmo edificio.
- ❖ Crear un enderezo electrónico para as comunicacións do ENL.
- ❖ Colaborar na organización dun curso de galego para o persoal da Escola.
- ❖ Instalar correctores de galego en todos os ordenadores da Escola.
- ❖ Achegar polo menos unha actividade cultural á Escola, ben sexa coa celebración de festas populares, coa participación de persoeiros da cultura galega ou con dramatizacións.
- ❖ Propoñer adquisicións na biblioteca da Escola.
- ❖ Traballar xunto con outros equipos de coordinación da Escola.
- ❖ Contactar con asociacións ferrolás e galegas que estean implicadas no uso e difusión da lingua.

4.1.3. Procedementos

- ❖ Acondicionaremos un armario na sala de profesores para recoller os documentos administrativos. Neste espazo gardaranse as actas de reunións e todos os documentos oficiais relacionados co ENL, así como a correspondencia que reciba. Terán acceso ás chaves do armario todos os compoñentes do ENL.
- ❖ Colocaremos un taboleiro do ENL no primeiro andar da Escola, xunto á biblioteca e ó "Recanto de Europa". Neste taboleiro expoñeremos periódicamente as noticias referintes á lingua e recomendacións culturais do ENL e de calquera membro da comunidade escolar.
- ❖ Coa colaboración da Xefatura de Recursos teremos o noso propio espazo na páxina web da Escola. Aí publicarase a composición do ENL, o presente documento de proxecto de ENL, as actividades que se desenvolverán durante o curso e a memoria final, así como o enderezo de contacto. Asimesmo abriremos unha conta de correo no dominio eoiferrol.org. O coordinador do ENL será o encargado de administrar a clave.
- ❖ En coordinación co Proxecto de Formación do Centro, e a través do CEFORE de Ferrol levarase a cabo un curso de formación de lingua galega para o persoal da Escola
- ❖ Asimesmo o ENL asistirá ós encontros organizados polo Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia durante o 26 e 27 de Outubro de 2006.
- ❖ Xunto coa Xefatura de Recursos e a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, queremos adquirir un corrector de lingua galega para os ordenadores da Escola.
- ❖ Estableceremos contacto con autores galegos e con grupoS de teatro para programar unha actividade cultural aberta na Semana Cultural da Escola.
- ❖ En relación coa actividade cultural, faremos propostas de adquisición na biblioteca, a xeito de difusión das actividades. Tamén se farán propostas de subscripción a periódicos e revistas en lingua galega.

4.1.4. Conclusión

Considerando que o ensino impartido na Escola non é obrigatorio e que os alumnos da escola son maioritariamente adultos, moitos deles co tempo xusto para viren ás leccións, necesitamos buscar o apoio constante dos nosos colegas no centro. Será necesario motivar a toda a comunidade escolar para que se implique no proxecto.

4.2. Atención das reclamacións.

Hai varias canles para peticións e reclamacións na escola; unha, vía Dirección, outra, vía Consello Escolar a través dos representantes de alumnado. Estes que teñen un taboleiro de información específica para achegar suxestións , peticións ou reclamacións. Outra maneira é por medio dos representantes de profesorado ou de persoal non docente, e tamén de pode acudir a un departamento determinado.

Toda suxestión, petición ou reclamación analizaráse en Dirección e posteriormente, en caso necesario, no Consello Escolar e, sempre que sexan por escrito entregados en Administración recibirán unha resposta tamén por escrito nun prazo máximo de dez días.

ANEXO 1: ENQUIISA REALIZADA AO ALUMNADO

ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE FERROL

Proxecto educativo de centro / Obtención de datos do alumnado

ENQUIISA

1. DATOS PERSOAIS

- **Sexo:** Home Muller
- **Idade:** anos
- **Lugar de nacemento:**
- **Lugar de residencia:**
- **Domicilio durante o curso:** . -10 km da EOI . 10 - 30 km da EOI . + 30 km da EOI
- **Domicilio permanente:** . -10 km da EOI . 10 - 30 km da EOI . 30 - 50 km da EOI
 . + de 50 km da EOI
- **Para achegarme ao centro utilizo:** . O meu coche . O autobús . Veño a pé
- **Situación persoal actual:** . Estudo . Traballo . Estou desempregad@
 . Estou nunha situación de incapacidade laboral
 . Estou prexubilad@ . Estou xubilad@
 . Son am@ de casa

2. DATOS ACADÉMICOS

- **Teño estudos:** . Primaria . Secundaria . FP . Superiores

3. ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS

- Na EOI estudo: . Alemán . Francés . Galego . Inglés . Italiano
- Teño horario de: . mañá . tarde . mañá e tarde

(Advertencia importante: encher o taboleiro que vén a continuación con **cruces (x)** sobre cada idioma que estudes).

- Antes de empezar a estudar na EOI

	ALEMÁN	FRANCÉS	GALEGO	INGLÉS	ITALIANO
Tiña coñecementos					
Non tiña coñecementos					

- Coñecementos adquiridos

No instituto					
Nesta EOI, hai tempo					
Noutra EOI ¿en cal?					
De forma autodidacta					
En academias privadas					
Por amigos/familiares					
Estancia no país					

• Estudio na EOI

Para mellorar perspectivas laborais					
Para obter créditos libre configuración					
Para visitar familiares/amigos					
Para viaxar					
Para Internet					
Por motivos de saúde					
Por outros motivos (expor brevemente)					

- **Expectativas (a cubrir SÓ polo alumnado de 1º e 2º curso):**

¿É a túa intención obter?: O diploma de: . Ciclo elemental Ciclo superior

. Obtido o diploma de ciclo elemental, pensas que o teu nivel na lingua será:

	Baixo	Medio	Alto
Expresión escrita			
Comprensión escrita			
Expresión oral			
Comprensión oral			

Obtido o diploma de ciclo superior, pensas que o teu nivel na lingua será:

	Baixo	Medio	Alto
Expresión escrita			
Comprensión escrita			
Expresión oral			
Comprensión oral			

- **Obxectivos acadados (a cubrir SÓ polos alumnos de 5º curso):**

- ¿Pensas que acadache-los teus obxectivos iniciais ao comenar-o estudo desta lingua? (Nunha escala do 1 ó 5): _____
- ¿Qué nivel acadaches segundo destrezas / competencias?:

	Baixo	Medio	Alto
Expresión escrita			
Comprensión escrita			
Expresión oral			
Comprensión oral			

- **Edificio e instalacións**

- **¿Pareceche apropiada a situación da escola?:** . Si . Non
- **¿Conta a escola con suficientes recursos?:** . Si . Non
- **¿Consideras apropiados os accesos para entrar na escola?:** . Si . Non
- **¿Utilizas habitualmente a biblioteca?:** . Si . Non

. Para préstamo . Para lectura . Para escoitar material (CDs / Cassettes)


. Para ver vídeos . Para utilizar Internet . Para estudar

- **¿Participas con frecuencia nas actividades extraescolares?:**

.nunca . ás veces . moitas veces . sempre

- **Suxestións para mellorar (expor brevemente. Podes utilizar a parte de atrás):**

ANEXO 2: ÓRGANOS DE GOBERNO



ANEXO 3: LEXISLACIÓN RELATIVA À NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Promulgáronse unha serie de decretos cun obxectivo claro: potenciación da lingua e da cultura galegas co fin de que se producise a plena recuperación nos dous ámbitos – nivel lingua e mais nivel cultura - , punto de partida prioritario, de querer conseguir unha nivelación co castelán en todos os eidos . Deste xeito, procurouse conseguir que a lingua galega se empregase indistintamente na vida cotiá e tamén a nivel oficial, pois tanto o galego como o castelán son linguas cooficiais. Para iso o fin era acadar a normalización, a normativización e, en definitiva, unha paridade entre as linguas e culturas . Para acadar este obxectivo, elaboráronse unha serie de decretos.

Cómpre salientar os seguintes decretos-lei:

- Lei 3/1983 de 15 de xuño, aprobada polo Parlamento Galego, onde se subliña a oficialización do galego no ensino en paridade co castelán, establecéndose como obxectivo fundamental que ambos sexan coñecidos, estudados e empregados ao mesmo nivel.
- Decreto 135 de setembro de 1983 no que se comeza a desenvolver a Lei de Normalización Lingüística, inserindo no ensino o galego como obrigatorio en determinadas materias, isto é, priorizándoo como “lingua vehicular”unicamente.
- Xullo de 1990, onde se aproban plans de apoio para o emprego do galego no ensino non universitario e , asemade, apróbase a constitución de Equipos de Normalización Lingüística nos Centros de ensino.
- Novembro de 1996 e 1997, apróbanse respectivamente os decretos 324 e mais 374 así como o decreto 66, onde se articulan nos Centros non universitarios de ensinanza non universitaria os Equipos de Normalización Lingüística, constituídos por tres profesores, tres alumnos e mais un representante do persoal docente comenzando pola formación dos propios integrantes dos Equipos de Normalización Lingüística en Centros non universitarios. Para iso apróbanse dúas modalidades orzamentais: modalidade A e modalidade B. O Modelo A persegue satisfacer gastos de adquisición e/ou elaboración de material didáctico, bibliográfico, fonográfico, videográfico e informático no idioma galego e organización de programas de actividades coa finalidade de conseguir o fomento do uso do galego entre todos os membros que constituén a comunidade educativa nos Centros de Orde do 6/2/2004 onde se convocan proxectos que fomenten o uso do galego, ensino non universitarios. O Modelo B pretende a financiación complementaria do Modelo A.